



HISTORIAS

As xemelgas

María tiña dúas fillas xemelgas, unha chamábase Silvia e a outra Rocío. Para ir ao colexio cruzaban sempre o mesmo paso de peóns. Un día do mes de Xuño, María tiña que ir ao médico, entón díxolle ás rapazas que foran elas soas, que xa tiñan 6 anos e podían ir soas, pero cando estaban cruzando o paso de peóns un coche atropelounas e matounas. Anos máis tarde, María volveu quedar embarazada de dúas xemelgas outra vez. Sempre que ían ao colexio, cando pasaban polo paso de peóns, María notaba que as rapazas a agarraban máis forte, pero non lle deu importancia, pero o día en que se cumprían 7 anos da morte de Silvia e Rocío, cando estaban cruzando polo paso de peóns, as xemelgas díxéronlle a súa nai:

- Agárranos máis forte, que hai sete anos aquí matounos un coche.

Camión

Carme era unha rapaza que cría moito nas cousas de bruxería. Un día foi onde unha adiviña para que lle predixera futuro, a adiviña díxolle que ía morrer o día 17 do mes de agosto, a causa dun camión. Carme foi moi preocupada para a casa, e cando chegou o día, non se levantou da cama, pero tiña ganas de beber, entón foi á cociña pensando: -se non salgo da casa xa non me pode atropelar ningún camión e non creo que choque ningún contra a cociña mentres estou bebendo. Pero cando estaba



baixando as escaleiras, tropezou nun camión de xoguete de seu irmán e morreu.

Os libros

Antón é un rapaz que está estudando periodismo, está nunha universidade de Madrid, comparte habitación cun amigo, Carlos. Un día, Antón tivo que quedar na biblioteca estudando porque ao día seguinte tiña un exame moi importante. No medio da noite tivo que ir á habitación por uns libros que lle quedaran alí, cando entrou na habitación sentiu respirar, entón pensou:

- Carlos xa esta durmido e non vou acender a luz para non espertalo. E así o fixo, colleu os libros coa luz apa-

gada e marchou. Á mañá seguinte cando foi para a habitación, atopou o seu amigo morto e cunha mensaxe escrita: "por que non acendiches a luz, se non ti eras o seguinte".

Can

Susana era unha rapaza pequena de 7 anos que non estaba acostumada a durmir fóra da súa casa, pero os seus pais tiveron que ir á casa da súa avoa que non se atopaba moi ben, entón ele tivo que quedar na casa da súa veciña. Quedaba tranquila porque seu pai díxolle que a veciña tiña un can, que durmía debaixo da cama e, cando estaba na cama, se botabas a man para debaixo e o can lambíacha, entón é que todo estaba ben. Pola noite, espertou e sentiu pingar algo no baño, pero botou a man para debaixo e o can lambeulle a man, entón seguiu durmindo tan tranquila. Á mañá seguinte, foi ao baño e atopou o can decapitado e cunha mensaxe escrita no espello: "os tolos tamén sabemos lamber a man".

CRIS E NURIA 4ºA

